

CONVOCATORIA PARA A REALIZACIÓN DA SEGUNDA PROBA DO SEGUNDO EXERCICIO, INSTRUCCIÓNS, CUESTIÓNS ORGANIZATIVAS PARA A SÚA CELEBRACIÓN E CRITERIOS DE CORRECCIÓN.

Reunido o día 15 de maio de 2024 o tribunal do proceso selectivo para o acceso á escala de xestión, subgrupo A2, pola quenda de promoción interna, convocado por resolución reitoral do 11 de maio de 2023 («DOG» núm. 102, do 31/05/2023), **ACORDOU**:

I. CONVOCAR ás persoas aspirantes que superaron a primeira proba do segundo exercicio á realización da **segunda proba do segundo exercicio** que terá lugar o **xoves, 13 de xuño, ás 17:00 horas, na «Aula 1.2» e na «Aula de Informática» da Facultade de Ciencias Políticas e Sociais**, Avenida do Doutor Ángel Jorge Echeverri, s/n, Campus Sur, Santiago de Compostela.

II. PUBLICAR as seguintes instrucións e cuestións organizativas para a celebración da proba e os criterios para a súa corrección:

INSTRUCCIÓNS E CUESTIÓNS ORGANIZATIVAS.

1. As persoas aspirantes deberán ir provistas do DNI ou de documento fidedigno acreditativo da súa identidade, a xuízo do tribunal.
2. As persoas aspirantes serán convocadas nun único chamamento ás 17:00 horas, excluíndose do proceso selectivo as que non comparezan, agás nos casos de forza maior, debidamente xustificadas e considerados polo tribunal.
3. As persoas aspirantes dividiranse nas dúas aulas da seguinte maneira:
 - Na «Aula 1.2», situada na planta 1 da Facultade de Ciencias Políticas e Sociais, de VALLEDOR NÚÑEZ, RAQUEL ata LOMBAO VÁZQUEZ, CATUXA (ambas inclusive).
 - Na «Aula de Informática», situada na planta 2 da Facultade de Ciencias Políticas e Sociais, de LÓPEZ TALADRIZ, JORGE ata TORRE MÍGUEZ, JOSÉ DANIEL DE LA (ambos inclusive).
4. Segundo o sinalado na base 6.1 da convocatoria a orde de chamamento das persoas aspirantes iniciarase pola primeira da letra «V» na «Aula 1.2». Finalizado o chamamento nesta, comezará o chamamento na «Aula de Informática».
5. Non se permitirá o acceso ás aulas nas que se realice a proba con teléfonos móbiles, axendas electrónicas, reloxos intelixentes ou calquera outro material ou instrumento do que se poida valer a persoa aspirante para auxiliarse na realización da proba, a excepción do

propio material lexislativo, en soporte papel, ao que se fai mención máis adiante. Non se habilitará ningún servizo de recollida de móbiles. O emprego dos dispositivos anteriores será motivo de exclusión do proceso selectivo.

6. A proba realizarase integramente nun ordenador sen conexión a internet.
7. As persoas aspirantes poderán levar e utilizar o seu propio material lexislativo, sen comentar e en soporte papel, que consideren necesario, sen que en ningún caso poida levarse material de elaboración propia. Enténdese por «material de elaboración propia» calquera outro material elaborado polas persoas aspirantes diferente da normativa que poida extraerse do «BOE», do «DOG» ou de calquera outro diario oficial, ou diferente de códigos lexislativos (non comentados), ou da normativa dispoñible no portal web da USC. Poderá consultarse, indistintamente, o propio material lexislativo ou o facilitado polo tribunal.
8. A proba consistirá nun exercicio de resposta curta sobre dous supostos prácticos breves entre catro propostas formuladas polo tribunal baseándose no temario específico que figura no anexo II da convocatoria, nos que se poderán incluír cuestións relativas aos bloques de coñecementos transversais.
9. As persoas aspirantes, unha vez colocadas na aula, disporán dun sobre pechado, en cuxo interior atoparán as catro propostas formuladas polo tribunal, debendo resolver dúas destas, a elección da persoa aspirante. Excluirase da proba a quen abra o sobre antes de que o tribunal o autorice.
10. Xunto co sobre, porase a disposición das persoas aspirantes unha «*folia de datos persoais*» que cubrirán, antes do inicio do cómputo de tempo para a celebración da proba, cos seguintes datos: nome, apelidos, DNI e número do dispositivo USB que se porá á súa disposición.
11. O dispositivo USB que se entregará ás persoas aspirantes conterá un documento en formato Word (denominado «*folia de exame*»), previamente configurado para a realización da proba, e un cartafol (denominado «*normativa*») que conterá en formato PDF a normativa necesaria para resolver os supostos formulados polo tribunal. O documento «*folia de exame*» e o cartafol «*normativa*» tamén estarán dispoñibles no escritorio do equipo informático.
12. Porase a disposición das persoas aspirantes unha «*folia de instrucións*» na que se lle indicará:
 - a) O usuario e contrasinal para desbloquear o equipo informático.

- b) Unhas breves indicacións relativas ao cambio de idioma da «*folla de exame*», para que as persoas aspirantes que o desexen poidan cambiálo a castelán (por defecto, o procesador de textos estará en galego).
 - c) Unhas breves indicacións para gardar a «*folla do exame*» en formato PDF.
13. O tempo para realizar a proba será de **90 minutos**.
14. Unha vez cuberta a «*folla de datos persoais*», verificado que funcionan os usuarios e contrasinais, que os equipos conteñen o documento «*folla de exame*» e o cartafol de «normativa» e unha vez cambiado, por quen así o desexe, o idioma da «*folla de exame*», o tribunal indicará o comezo do cómputo do tempo para a realización da proba.
15. Iniciado o cómputo dos 90 minutos, non se poderá abandonar a aula nin retirarse do exercicio antes dos primeiros 30 minutos e previa entrega do exame, nin 15 minutos antes da súa finalización.
16. Finalizado o seu exercicio pola persoa aspirante, e sempre dentro do límite máximo dos 90 minutos concedidos para a realización da proba, deberá gardarse a «*folla de exame*» en formato PDF no dispositivo USB. Para estes efectos, o tribunal irá informando do tempo dispoñible.
17. Excluirase do proceso selectivo a quen continúe escribindo unha vez que o tribunal indique o remate do tempo concedido para a realización da proba.
18. Os aspirantes entregarán o dispositivo USB e a «*folla de datos persoais*» cando lle sexa solicitado polo tribunal, co obxecto de proceder a impresión do exame acompañado por un membro do tribunal ou dunha persoa colaboradora deste.
19. Impresa a «*folla de exame*», incorporase a esta un adhesivo cun código aleatorio. Este mesmo código recollerase na «*folla de datos persoais*». Ambos documentos serán depositados en sobres separados para garantir o anonimato na corrección dos exames.
20. A «*folla de exame*» non poderá conter ningún tipo de identificación da persoa aspirante nin tampouco marcas ou sinais que poidan inducir á súa identificación. En caso de contravir o antedito, as persoas afectadas serán excluídas do proceso selectivo.
21. En caso de ter algunha dúbida durante a celebración da proba, as persoas aspirantes só poderán dirixirse aos membros do tribunal.
22. O tribunal emitirá un certificado de asistencia ao exercicio para quen o precise. Poderá solicitarse despois da realización do exercicio enviando un correo electrónico ao secretario do tribunal (felix.navaza.aller@usc.es).

CRITERIOS DE CORRECCIÓN.

- A proba cualificarase de 0 a 30 puntos e para superala cómpre acadar 15 puntos como mínimo.
- Cada un dos supostos prácticos breves propostos polo tribunal conterà 5 cuestións de resposta curta.
- Cada un dos supostos elixidos polas persoas aspirantes será cualificado de 0 a 15 puntos, a razón de ata un máximo de 3 puntos por cada unha das 5 cuestións formuladas.
- Avaliarase cada unha das cuestións da forma seguinte:
 - a) A correcta aplicación da normativa á cuestión formulada, valorándose tamén especialmente que a resposta non se limite á mera reprodución dos artigos das normas aplicables, que se faga un razoamento analítico e sintético da cuestión formulada e, de resultar procedente, se relacione con outros puntos do programa. A puntuación máxima que poderá acadarse neste apartado será o 80 por cento da puntuación máxima da cuestión formulada.
 - b) A calidade da resposta: que a resposta sexa clara e coherente, que os termos e expresións utilizados sexan correctos e precisos e que se empregue a linguaxe con propiedade. A puntuación máxima que poderá acadarse neste apartado será o 20 por cento da puntuación máxima da cuestión formulada.

Consonte coa base 7.2 da convocatoria, as persoas aspirantes disporán de tres (3) días hábiles, contados a partir do día seguinte ao da realización da proba, para presentar reclamacións ás preguntas formuladas polo tribunal.

O presente acordo publicarase nas aulas de celebración da proba, no taboleiro electrónico da USC (dispoñible na seguinte ligazón: <https://sede.usc.es/sede/publica/taboleiro/inicio.htm>) e na web de convocatorias de probas selectivas de Persoal de Administración e Servizos (dispoñible na ligazón seguinte: <https://www.usc.gal/es/institucional/gobierno/area/gestionpersoal/PAS/oep/listado>).

Santiago de Compostela, na data da sinatura electrónica.

O presidente do tribunal
Juan José Nieto Montero

Sinatura dixital / Firma digital / Digital signature

Asinante/Firmante/Signer: JUAN JOSE NIETO MONTERO, NIF ***8781**, 15/05/2024 21:33:52.

CSV: C791-C136-4924-8D27